

'CAMPIONATO TERRITORIAL'

DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL MASCULINA

1

FÓRMULA DE COMPETICIÓN

Esta competición disputarase en dúas (2) fases, levándose a cabo cos criterios que a continuación se detallan:

1ª FASE ou LIGA REGULAR: Os doce (12) equipos participantes xogarán baixo o sistema de liga, todos contra todos a dobre volta.

2ª FASE ou FINAL FOUR: A disputarán os equipos clasificados en 2º, 3º e 4º posto da Liga Regular; engadindo o vencedor da eliminatoria previa a partido único* (Eliminatoria pola Final Four) entre o 5º Clasificado da División de Honra Xuvenil Masculina e o 1º Clasificado da 2ª División Xuvenil Masculina.

Xogarse polo sistema de eliminatorias a único partido; Semifinais, 3º e 4º Posto e Final durante un fin de semana (Sábado e Domingo) nunha mesma sede.

DATAS DE CELEBRACIÓN

1ª FASE ou LIGA REGULAR:

Desenvolverase entre os días 22 de Setembro de 2019 e o 19 de Marzo de 2020.

***ELIMINATORIA POLA FINAL FOUR:**

EQUIPO LOCAL	EQUIPO VISITANTE	DATA DE CELEBRACIÓN
1º Clasificado na 2ª División Xuvenil Masculina	5º Clasificado na División de Honra Xuvenil Masculina	21 ou 22 de Marzo 2020
A eliminatoria se disputará a partido único e por defecto na pista do equipo de 2º División.		

2ª FASE ou FINAL FOUR:

2

	EQUIPO LOCAL	EQUIPO VISITANTE	DATA DE CELEBRACIÓN
SEMIFINAL 1	3º Clasificado División de Honra Xuvenil Masculina	4º Clasificado División de Honra Xuvenil Masculina	28 de Marzo 2020
SEMIFINAL 2	2º Clasificado División de Honra Xuvenil Masculina	Vencedor Eliminatória Pola Final Four	28 de Marzo 2020

	EQUIPO LOCAL	EQUIPO VISITANTE	DATA DE CELEBRACIÓN
3º E 4º POSTO	Perdedor Semifinal 1	Perdedor Semifinal 2	29 de Marzo 2020
FINAL	Vencedor Semifinal 2	Vencedor Semifinal 1	29 de Marzo 2020

DEREITOS DE PARTICIPACIÓN NA FASE ESTATAL
1º Representante:

Accederá directamente a Fase Estatal do Campionato Xuvenil Masculino o equipo clasificado en primeiro (1º) lugar da 1ª Fase ou Liga Regular da División de Honra Cadete Masculina.

2º Representante:

No caso de que a Federación Galega conte con, polo menos vintecinco (25) equipos na categoría Xuvenil Masculina participando nas diferentes competicións da categoría, contará cunha segunda plaza na Fase Estatal que se outorgará o vencedor da 2ª Fase ou Final Four.

No caso de que un club teña equipos en División de Honra e en 2ª División da mesma categoría; o/s equipo/s da inferior división so poderán acceder a Eliminatória pola Final Four no caso de que o equipo de División de Honra acceda directamente a Fase Estatal como 1º Clasificado da Liga Regular ou quede clasificado nos postos 6º, 7º, 8º, 9º, 10, 11º e 12º da devandita liga.

Vacante por Renuncia ou Invitación:

3

No caso de xerarse unha vacante na Fase Estatal, por renuncia ou por invitación por parte da RFEBM, os dereitos de participación pasarán por este orde, primeiro o 2º Clasificado da Final Four, despois o 3º Clasificado da Final Four e por último, o 4º Clasificado da Final Four.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIAS

Estas normas específicas do Campionato Territorial da DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL MASCULINA complementáanse co desenvolvido no Título 2 do NO.RE.BA. Galicia; en todos os aspectos alí recollidos e que non son modificados polas bases específicas. Así mesmo, as devanditas normas complementáanse co establecido nos Regulamentos e Estatutos vixentes da Real Federación Española de Balonmán.

Os dereitos deportivos de todos os equipos de cara á tempada 2020/21 están condicionados aos acordos de asemblea xeral que terá lugar no último trimestre de 2019.